

MANUAL DE USO

A gata pinta

XOSÉ TOMÁS (José Tomás Díaz Teijo)

A **ilustración** é un medio que todos coñecemos, porque nos rodea en infinidade de libros. Acompaña aos textos, e en ocasións estes nin sequera aparecen, porque a imaxe pode ser independente para contar historias.

Pero seguramente non a coñecemos en profundidade. Seguramente temos, incluso, prexuízos arredor dela: Algo para nenos? Unha arte "menor"?

Posiblemente descoñecemos algúns dos mellores autores europeos, ou mesmo españois e galegos.

A GATA PINTA é un proxecto para entrar neste medio, coñecelo un pouco máis e, finalmente, disfrutalo.

A **navegación** neste espazo web é doada. Partimos dunha páxina principal (se se desexa instalar, trátase do arquivo "index"), cun menú que nos leva aos seguintes apartados. Non temos máis que deixarnos levar por eles para ir aprendendo e practicando. Podemos volver atrás (e adiante) tantas veces o desexemos. A lectura e a visita non ten por que ser lineal. Podemos entrar directamente en TIPOS se queremos aprender algo sobre, por exemplo, os diferentes libros con imaxes do mercado. Pero despois podemos volver a HISTORIA para saber algo doutras épocas con respecto a esta arte

É importante considerar este proxecto como un punto de partida, unha axuda, un complemento aos nosos coñecementos.

Se somos mestres e profesores, podemos utilizalo para aprender nós mesmos/as, e tamén para aprender co noso alumnado, xuntos.

Se somos rapaces e rapazas, podemos entrar para saber máis dese xénero que tanto nos cativa cando entramos en contacto con el.

Se non somos nin docentes nin alumnos (bibliotecarios, familias, etc.), esta web pretende axudar a todos a coñecer e disfrutar a ILUSTRACIÓN, posto que o coñecemento non debe entender de barreiras académicas.

Para calquera suxestión, consello ou dúbida, existe a posibilidade de poñerse en contacto co autor, na súa web persoal www.xosetomas.com.

QUE O DESFRUTEN!